

PROGRAMA

# BIC i-TEAMS

Para inscribirse ou solicitar máis información:

BIC Galicia  
San Lázaro 63A - Edificio IGAPE  
15703 Santiago de Compostela  
Tlf: 981 546 813 - Fax: 981 546 832  
E-mail: [iteams@bicgalicia.es](mailto:iteams@bicgalicia.es)  
[www.bicgalicia.org](http://www.bicgalicia.org) · [www.iteams.bicgalicia.es](http://www.iteams.bicgalicia.es)

NOVOS PROXECTOS DE INNOVACIÓN  
PARA AS NOVAS EMPRESAS GALEGAS



XUNTA  
DE GALICIA



galicia

## EN QUE CONSISTE BIC I-TEAMS?

BIC I-TEAMS é un Programa especificamente deseñado para axudar a innovar ás empresas de recente creación, mediante a definición dunha carteira de proxectos de innovación e a concreción dun proxecto específico, en forma dunha nova proposta de produto ou servizo innovador.

Trátase de introducir a cultura innovadora no ADN das iniciativas dos emprendedores galegos, por medio da conxugación da estratexia de innovación coas demandas reais dos mercados de novos servizos e produtos que cubran as necesidades actuais, ensinando ás empresas a aportar valor e a asumir riscos controlados, ofrecéndolles formación práctica en metodoloxías e asesoramento experto.

## OBXECTIVOS

- Que as novas empresas aprendan a desenvolver por si mesmas unha cultura empresarial de innovación e as habilidades precisas para enfrontar con éxito a actual contorna hipercompetitiva.
- Desenvolver un proceso empresarial de innovación para a creación permanente de produtos, procesos e servizos de alto valor engadido para os clientes.
- Definir un proxecto concreto de creación dun produto ou servizo innovador.

## COMO FUNCIONA BIC I-TEAMS?

O Programa BIC I-TEAMS aplica técnicas e ferramentas probadas con éxito en máis de 100 PEMES galegas, das que a maioría eran de recente creación (empresas con menos de catro anos de vida). De feito, a metodoloxía de BIC I-TEAMS está especialmente adaptada ás necesidades das empresas novas, tendo sempre en conta as súas limitacións en canto a recursos.

Ademais, o método de BIC I-TEAMS está pensado para que as empresas poidan desenvolver por si soas os procesos de innovación unha vez rematado o Programa.

Esta metodoloxía apóiase en tres piares:

- Formación práctica en grupo sobre casos e exercicios.
- Ciclos de obradoiros de traballo e consultoría en cada empresa, despois de cada formación en grupo.
- "Coaching" individualizado.

## REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Se buscas a re-definición ou a mellora da oferta de produtos ou servizos da túa empresa para adaptala ás esixencias do mercado, a túa firma pode participar no Programa BIC I-TEAMS se cumpre os seguintes requisitos:

- É de recente creación: ten menos de 48 meses.
- É de base tecnolóxica ou de coñecemento.

Coa combinación dun enfoque de formación práctica co asesoramento externo, pódense xerar resultados en forma dunha nova carteira de proxectos, e un proxecto específico de innovación, nun período de tempo reducido (menor de 3 meses). Este feito fai de BIC I-TEAMS un Programa idóneo para as necesidades das empresas con pouco tempo de vida, onde os recursos materiais, humanos e temporais soen ser normalmente escasos.

